



Concello de Monterroso

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 01 AUXILIAR DE ENFERMERIA, EN RELACIÓN O PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2025 DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO E CONCELLO DE MONTERROSO (6 meses a xornada completa).

1º.- Obxecto da convocatoria:

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal de 01 auxiliar enfermería para o centro de día, durante seis meses a xornada completa; vinculados ó programa de Reforzo do Emprego 2025 da Excma. Deputación de Lugo.

2º.- Tipo e duración do contrato:

O contrato será de traballo temporal de duración determinada por circunstancias da produción modelo 402 cunha duración máxima de 6 meses

A xornada laboral será a tempo xornada completa; o horario será establecido polo coordinador do servizo, coa autorización do Alcalde.

É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.

3º.- Retribucións:

As retribucións íntegras mensuais serán as seguintes:

Auxiliar enfermería: Soldo bruto incluídas pagas extras: **1.381,33 euros**

4º.- Requisitos dos aspirantes:

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta contratación:

a) Ter a nacionalidade española, ou ser nacional de outros Estados, conforme aos artigos 56 y 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Requisito específico para o acceso ao posto de auxiliares de enfermería para o centro de día:

-O título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real Decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de Técnico Auxiliar Clínica, Técnico Auxiliar Psiquiatría e Técnico Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real Decreto 777/1998, do 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

-O título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de Técnico de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

-O título de Técnico Superior en Integración Social, establecido polo Real Decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de Técnico Superior en Integración Social establecido no Real Decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que á data de publicación do Acordo do 19 de outubro de 2017, estean a traballar na categoría profesional de coidador ou gerocultor.

-O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

c) Posuír carné de manipulador de alimentos.

d) Ter a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desempeño das tarefas, extremos que deberán acreditarse mediante a presentación de informe médico ou certificado médico no caso de ser seleccionado.

e) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

f) Declaración responsable de non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse en inhabilitación para o exercicio da función pública por sentenza firme.

g) Declaración responsable de non estar incurso en causas de incompatibilidades de conformidade co disposto na Lei 53/1984, del 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

h) É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no Concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa,

5º.- Forma e prazo de presentación dos candidatos.

Presentación: As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo que figura no anexo I da presente convocatoria, dirixido ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Monterroso, de luns a venres en horario de 09:00 a 14:00 horas.

Prazo: O prazo de presentación de instancias será de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do estrato das Bases no BOP de Lugo.

Publicidade: As bases serán publicadas na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>), no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo. O resto dos actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>)

As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 13.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, neste último caso, deberá poñelo en coñecemento da entidade a través de correo electrónico (concello.monterroso@eidolocal.es) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes.

Documentación a presentar coa solicitude: Á instancia unirase inescusablemente copia simple da seguinte documentación

a) Copia simple dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Estar desempregado/a ou en situación de mellora do emprego. Este requisito debe acreditarse aportando a tarxeta de demandante de emprego e a vida laboral actualizada á data de inicio de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da sinatura do contrato.

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

c) Copia simple de todos os documentos xustificativos necesarios para poder participar no proceso e dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos no momento da presentación da instancia.

Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquera intre, de oficio ou a petición do interesado.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 deste base para a presentación de solicitudes, transcorrido co cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

6º.- Admisión de aspirantes

Despois da presentación de instancias de todos os candidatos, a Alcaldía ditará unha resolución, no prazo máximo de 3 días, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>) e no taboleiro de edictos do Concello, indicarse un prazo de dous días hábiles para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>).

Unha vez transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nun prazo máximo de 5 días hábiles, que se publicará na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>) e no taboleiro de edictos do Concello, na que se sinalará a composición do tribunal, e a data e hora na que se constituirá o tribunal.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

7º.- Tribunal cualificador

Composición. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplente, podendo actuar indistintamente, tendo todos eles voz e voto.

Presidente/a: Persoal funcionario ou laboral fixo.

Vogais: Tres persoas funcionarias ou laborais, técnicas ou expertas.

Secretario/a: Persoal funcionario.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual. Os membros do Tribunal deberán posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza/posto ou emprego que se convoca.

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

Nomeamento e publicación. As persoas que integren o Tribunal, así como os asesores e colaboradores serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicárase no taboleiro de anuncios da Entidade e na súa páxina web. Incorporación de persoal asesor e de colaboración. O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor ao obxecto de oír a súa opinión especializada, así como de persoal colaborador para o apoio durante o desenvolvemento do sistema selectivo. Abstención e recusación. Os membros do Tribunal, e se é o caso o persoal asesor, absteranse de intervir, comunicándollo á Alcaldía, cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da vixente Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada Lei.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente/a e do secretario/a dos ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

8º.- Selección:

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de Valoración de méritos + proba, segundo o seguinte baremo:

1.- Tempo traballado: máximo 3 puntos.

-0,25 puntos por cada 30 días traballados. A acreditación do tempo traballado deberá realizarse mediante vida laboral actualizada e copia auténtica dos contratos de traballo.

2.- FORMACIÓN: máximo de 2 puntos.

-0,05 puntos por cada hora de curso realizada

Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 2,00 puntos

3.- SER MULLER: 1 punto.

5. PROBA PRÁCTICA (máximo 4 puntos).

Esta proba terá como finalidade apreciar os coñecementos previos e grao de formación xeral e técnica, valorarase principalmente a aptitude e actitude así como a adaptación a praza/posto que se convoca. A proba será obrigatoria, non tendo que acadar ningunha puntuación mínima.

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

- 1) Puntuación pola proba práctica.
- 2) Puntuación polo tempo traballado.

9º.- Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento.

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, que se publicará na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>) e no taboleiro de edictos do Concello; os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado a Presidenta da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

10º.- Presentación de documentación.

Os aspirantes propostos presentarán, no prazo de 2 días hábiles os documentos seguintes:

- a) Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- b) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social
- c) Número de conta bancaria co código IBAN (24 caracteres) da que sexa titular a persoa seleccionada para o ingreso das correspondentes nóminas.

11º.- Resolución e contratación

- 1.- Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o Sr. alcaides procederá á designación dos aspirantes seleccionados á formalización dos correspondentes contratos laborais.
- 2.- Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de traballadores.
- 3.- Mentras non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.
- 4.- Que sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá todos os dereitos derivados da superación das probas selectivas.

12º.- Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Así mesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio que se publicará na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>) e no taboleiro de edictos do Concello, ante a Alcaldesa do Concello de Monterroso, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, del *Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>) e no taboleiro de edictos do Concello de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e outra normativa concordante.





Concello de Monterroso

ANEXO I - MODELO DE INSTANCIA

D./D^a., maior de idade,
con DNI e con domicilio a efectos de notificacións
en e número de
teléfono

EXPOÑO

Que sendo coñecedor da convocatoria e das bases publicadas para a contratación laboral temporal de 01 auxiliar de enfermería, durante seis meses a xornada completa; vinculados todos eles ao programa de Reforzo do Emprego 2025 da Excm. Deputación de Lugo.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- 1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar na proba selectiva.
- 2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- 3.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- 4.- Non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

SOLICITA

Tendo por presentada a presente solicitude para o posto de.....
dentro do prazo concedido ao efecto e ser admitido para tomar parte nas probas selectivas para a devandita convocatoria. Á presente solicitude acompáñase unha fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente e dos documentos que acreditan o cumprimento dos requisitos e dos méritos profesionais e académicos establecidos nas bases aprobadas nun total de follas (en letra e número e sen incluír esta).

....., de de 20.....

FDO.: _____

SR ALCALDE DO CONCELLO DE MONTERROSO

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

1. Cláusula de primeira capa

De acordo co establecido no Regulamentos UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Monterroso con dirección en Praza de Galicia, nº 1, CP 27560, en Monterroso (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a xestión do expediente administrativo solicitado por vostede a través do presente formulario. Os seus datos persoais cederanse cando exista unha obriga legal para cedelos. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

2. Información adicional de protección de datos

Tratamento	XESTIÓN DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS
Responsable	Concello de Monterroso, Praza de Galicia, nº1, CP 27560, en Monterroso; correo electrónico: concello.monterroso@eidolocal.es ; teléfono: 982 37 70 01
Datos Delegado de Protección de Datos	Nome do Delegado de Protección de Datos: Laura Huerta Lejo Correo electrónico: laura@lhlconsultores.com ; teléfono: : 982330462
Finalidade e prazos de conservación	Xestión dos expedientes administrativos que se xeran no Concello, tramitación de instancias e/ou solicitudes administrativas formuladas ao Concello. Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recabaron e para determinar posibles responsabilidades que puidieran derivarse da dita finalidade e/ou tratamento de datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivo e documentación no sector público. Os seus datos non se utilizarán para elaborar decisións automatizadas.
Lexitimación do tratamento	A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obriga legal regulada na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administraciones Públicas.
Destinatarios dos datos	Os seus datos persoais serán cedidos aos órganos administrativos do Concello, aos que se dirixa a súa solicitude e, no seu caso, aos que teñan competencia sobre o asunto formulado segundo a Lei 39/2015.
Dereitos das persoas interesadas	Calquera persona ten dereito a obter confirmación sobre se no Concello de Monterroso se están a tratar datos persoais que lle concernan, ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos. Para iso as solicitudes de exercicios de dereitos poden dirixirse ao Registro de Entrada do Concello de Monterroso, Praza de Galicia, nº1, CP 27560, en Monterroso, ou a través dos formularios dispoñibles en https://monterroso.sedelectronica.es/info.0 (Protección de datos). Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non se respeta, vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. (https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php)

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617

